

Venres, 19 de xullo de 2019

Núm. 138

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BAIONA

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

#### *EXPEDIENTE 1811/2019. INDEMNIZACIÓNS ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS*

Que, o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

#### **8.- Expediente 1811/2019. Cargos Públicos (Dedicacións, Retribucións e Indemnizacións) FIXACIÓN ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS.**

**Primeiro.-** Manter as indemnizacións dos concelleiros, que non ten dedicación exclusiva nin parcial, por asistencia ás sesións dos órganos colexiados nos importes establecidos nas Bases de Execución do Orzamento Xeral de 2018, prorrogado para 2019, segundo os seguintes importes:

- Por asistencia ás sesións da Comisión informativa: 92,90 €/sesión.
- Por asistencia ás sesións do Pleno: 325,15€/sesión.
- Por asistencia ás sesión da Xunta de Goberno Local: 162,57 €/sesión.

**Segundo.-** Para percibir a indemnización antes citada, é necesario que os concelleiros estivesen presentes polo menos nun punto de deliberación e debate incluído na orde do día, excluído o correspondente á aprobación das actas. En todo caso poderase percibir como máximo doce indemnizacións ao ano pola asistencia ás sesións do Pleno ou da Comisión Informativa

**Terceiro.-** Ordenar a publicación do presente acordo no B.O.P. e no taboleiro de anuncios do Concello de Baiona, e no portal de transparencia, para os efectos previstos no artigo 75.5 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Documento asinado dixitalmente ó marxe.

O alcalde  
*Carlos Gómez Prado*

